

O ABECEDARIO DO MEDIO AMBIENTE

O 5 de xuño celebramos o Día Mundial do Medio Ambiente. No noso centro formamos parte de Paisaxe e Sustentabilidade que está dentro do Plan Proxecta, e polo tanto propoñemos a seguinte actividade para celebrar este día:

Pretendemos facer un mural onde representemos distintas formas de cuidar o medio ambiente e para isto imos utilizar as letras do abecedario. Entón imos coller unha das seguintes letras: b, c, d, f, g, h. Cunha destas letras plantexamos unha forma de cuidar o medio ambiente, por exemplo, coa A : Aforrar auga. Cando teñades a vosa forma de cuidar o medio ambiente facedes un debuxo que a represente. Este debuxo enviádesllo a titora para que poida gardar o voso debuxo para despois plasmar no mural.

Estade moi atentos o noso blogue que o día 5 de xuño publicaremos o noso mural do medio ambiente.

